

A banda sonora da esperanza

Un ano máis, e xa van catro, en Vilagarcía resoa o clasclás. O clasclás sonoro que o noso festival internacional de música clásica nos propón a través da súa programación, que este ano inclúe sete concertos e un ambicioso programa de masterclasses. Pero tamén o clasclás dos aplausos do público que celebra, se cadra agora con máis ansia e ledicia que nunca, o poder gozar da música en directo.

Dunha música que o clasclás demostrou que é apta para todos os públicos. Ese era precisamente un dos obxectivos fundacionais do festival e esa está a ser unha das súas maiores grandezas. O clasclás é un festival transversal que nos permite achegarnos a músicas aínda que, en principio, a alguén poderían parecerlle alleas. Grazas ao clasclás hoxe felizmente sabemos que non é así, que emocionan e chegan a todo o mundo por igual.

Entre as novidades desta cuarta edición sobresa a presenza na dirección do festival do Trío Guarneri de Praga, formación emblemática da música de cámara europea, que este ano celebra o seu 35 aniversario sobre os escenarios e coa mesma formación.

Tamén subliño a presenza de cinco tríos formados por alumnos de cinco dos mellores centros superiores musicais de España para participar no programa de masterclasses. Unha iniciativa que ven a reafirmar o compromiso do clasclás, non só coa difusión da música clásica, senón tamén coa formación e co apoio aos músicos que están a dar os seus primeiros pasos neste apaixonante mundo.

Non me queda máis que agradecer a axuda e o compromiso amosado a patrocinadores e colaboradores e animarvos a gozar de todo o que nos brinda o clasclás, que é moito. Vivimos tempos de renovada esperanza. É o momento de pórilles banda sonora. E esta que o festival nos propón non pode ser máis axeitada. *Carpe diem.*

Alberto Varela García
Alcalde de Vilagarcía de Arousa



SÁBADO 26 XUÑO

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

TRIO GUARNERI DE PRAGA

Čeněk Pavlík, violín
Marek Jerie, cello
Ivan Klanský, piano

- Josef Suk :: *Elexía op. 23*
- Bědřich Smetana :: *Piano Trio in G minor, Op. 15*
 - I. Moderato assai
 - II. Allegro, ma non agitato
 - III. Finale. Presto
- Antonín Dvořák :: *Piano Trío en Sol m op. 15*
 - I. Lento maestoso
 - II. Poco adagio
 - III. Andante
 - IV. Andante moderato
 - V. Allegro
 - VI. Lento maestoso

O Guarneri Trio de Praga é un dos tríos de piano máis recoñecidos do mundo da música clásica cunha impecable traxectoria. Fundado por Ivan Klanský, Čeněk Pavlík e Marek Jerie, xa a principios da súa carreira atraeron a atención da prensa internacional coas súas actuacións artisticamente espectaculares. Desde 1986, ano da súa formación, o Guarneri Trio mantén os mesmos intérpretes, testemuño da alta calidade humana dos músicos como persoas e da intensa amizade que os mantén unidos. En 2021 celebran 35 anos tocando xuntos.



LUNS 28 XUÑO

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

MILAN AL-ASHHAB & ADAM SKOUMAL

Milan Al-Ashhab, violín
Adam Skoumal, piano

- W.A. Mozart :: *Sonata en mi menor, N.º 21, K 304 para violin e piano*
 - I. Allegro
 - II. Tempo di menuetto
- Ludwig van Beethoven :: *Sonata en do menor, No. 7, Op. 30 para violín e piano*
 - I. Allegro con brio
 - II. Adagio cantabile
 - III. Scherzo. Allegro - Trio
 - IV. Finale. Allegro
- Adam Skoumal :: *Variacións sobre unha melodía xitana, para violín e piano*
- Maurice Ravel :: *Kaddish*
- Maurice Ravel :: *Sonata No. 2, en Sol para violin e piano*
 - I. Allegretto
 - II. Blues
 - III. Perpetuo mobile
- Franz Waxman :: *Fantasia sobre Carmen*

O virtuoso checo do violín Milan Al-Ashhab impresiona ao público coa súa sensibilidade musical e virtuosismo técnico. Realizou un concerto aclamado pola crítica no Rudolfinum-Dvorak Hall de Praga durante o Festival de Música de Primavera de Praga en 2019. Ese mesmo ano fixo o seu debut na tempada de concertos da Filarmónica de Berlín no Chamber Music Hall.



MÉRCORES 30 XUÑO

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

ARDEMUS QUARTET

Lisa Wyss - saxofón soprano
Lovro Merčep - saxofón alto
Jenita Veurink - saxofón tenor
Deborah Witteveen - saxofón barítono

- J.S. Bach (arr. Saša Nestorović) :: *Suite Nr. 1 en Do M, BWV 1066 Obertura*
- M. Ravel (arr. Lovro Merčep) :: *Le tombeau de Couperin*
 - Prelude
 - Menuet
 - Rigaudon
- B. Bartók (arr. Lovro Merčep) :: *6 danzas sobre ritmos búlgaros*
- Ferenc Farkas :: *Antigas danzas húngaras*
 - Intrada / Lassù / La Pockás Tánc / Ugrós
- Guillermo Lago :: *Cidades*
 - Córdoba / Sarajevo / Addis Abeba
- A. Piazzolla (arr. Johan van der Linden) :: *Milonga del Angel*
- Manuel de Falla (arr. Juanpe Luna) :: *Danza española de La vida breve*

Finalista do prestixioso premio Dutch Classical Talent Award 2017/2018, o Ardemus Quartet forxouse a partir da súa ardente paixón pola música de cámara. Os catro novos músicos internacionais combínanse á perfección entre eles para crear unha experiencia musical refrescante.



VENRES 2 DE XULLO

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

JUDIT JÁUREGUI

Judith Jáuregui, piano

- Robert Schumann :: *Arabeske, op. 18*
- Johannes Brahms :: *Klavierstücke op. 118*
- Claude Debussy :: *Estampes*

Pagodes
La soirée dans Grenade
Jardins sous la pluie

- Frédéric Chopin :: *Andante Spianato et Grande Polonaise Brillante, op. 22*

Aplaudida como artista de refinamento expresivo, pulsación luminosa e gran personalidade, Judith Jáuregui é unha das pianistas máis cativadoras do momento. En palabras da revista *Piano News*, "non é só a impecabilidade da súa interpretación a que conta, senón a impresión de escoitar a unha pianista que verdadeiramente ten algo que dicir".

Nas últimas tempadas foi recibida con entusiasmo en salas de referencia como o Auditorio Nacional de Madrid, Palau da Música de Barcelona, Southbank Centre de Londres, Auditorio Louvre de París, o Konzerthaus de Berlín ou o Suntory Hall de Tokio.

En xuño 2020 viu a luz o seu último álbum 'Die romantische Seele' con música de Robert e Clara Schumann, gravado xunto á Orquestra Sinfónica Camera Musicae e Tomàs Grau para o selo alemán Ars Produktion.

DOMINGO 4 XULLO

21.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

EPOQUE QUARTET

David Pokorný, violín
Vladimír Klánský, violín
Vladimír Kroupa, viola
Vít Petrášek, violoncelo

- Mateusz Smoczyński :: *Manhattan Island*
- Jan Kučera :: *Birth*
- Django Reinhardt :: *Minor Swing*
- Chick Corea :: *Senor Mouse*
- Astor Piazzolla :: *Ave María*
- Vladimir Cosma :: *Le Grand Blond avec une Chaussure Noire*
- Django Reinhardt :: *Douce Ambiance*
- Astor Piazzolla :: *Adiós Nonino & Libertango*
- Pat Metheny :: *Jaco*

O cuarteto de corda de Praga Epoke Quartet foi fundado no ano 1999. Catro excelentes solistas e músicos de cámara con abundante experiencia escénica uníronse, non só polas súas opinións musicais unánimes e a súa natural relación artística, senón mesmo polo seu extraordinario interese polos xéneros musicais que non pertencen á "música clásica": jazz, rock e funk.

Dado que as composicións da literatura clásica de cuarteto seguen sendo unha parte integral do repertorio deste conxunto, o sensible enfoque dos arranxos non convencionais proporciona ao cuarteto novas posibilidades de utilizar os instrumentos de corda e, ao mesmo tempo, permite ao conxunto ampliar o seu repertorio, que é único na escena mundial.

XOVES 1 XULLO

21.30 h | Praia da Concha | Entrada de balde

UXÍA

Uxía, voz
Sérgio Tannus, guitarra e viola

Un ano máis o clasclás fusiúnase con Ás 9 na Praia para programar un concerto que terá lugar, ao solpor, na praia da Concha. Para esta ocasión Uxía interpretará parte do seu repertorio baseado en cancións populares e outras da súa autoría, así como unha selección de pezas de música galega antiga.



VENRES 2 XULLO

12.00 h | Praza da Peixería | Entrada de balde (previa reserva)

CONCERTO FINAL MASTERCLASSES

Coa participación dos Tríos de Piano dos centros participantes:

ESCOLA SUPERIOR DE MÚSICA DE CATALUNYA (ESMUC):

TRÍO GAUDÍ: Jordi Prim / Quim Tejedor / Emma Stratton

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE CASTILLA Y LEÓN (COSCYL):

TRÍO PEERPETUO: Marta Tur / Laura Silva / Carmen Larios

ESCUELA SUPERIOR DE MÚSICA REINA SOFÍA, MADRID (ESMRS):

TRÍO ARRIAGA DE BANCO DE ESPAÑA: Sara Valencia / Alejandro Gómez / Manuel Alonso-Bartol

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO (CSMV):

TRÍO ENTELEQUIA: Marta Diéguez / Aldara Otero / Antonio González

CENTRO SUPERIOR DE MÚSICA DEL PAÍS VASCO (MUSIKENE):

TRÍO ISLAND: Jesús Perogil / Pablo Ruiz / Ízaro Yáñez

CARPE DIEM.

clasclás

IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLÁSICA
VILAGARCÍA DE AROUSA
[RIAS BAIXAS · GALICIA · SPAIN]

26 XUÑO - 4 XULLO 2021

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
GUARNERI TRIO DE PRAGA

CENEK PAVLIK · MAREK JERIE · IVAN KLÁNSKÝ

ENTRADAS
woutick!es
www.clasclas.com
Instagram Facebook YouTube

